



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ
BALNEARIO

**REUNIÓN COMISIÓN DE SELECCIÓN DE 2 CONTRATOS DE PRÁCTICAS O ABEIRO DO
PLAN DE DEPUTACIÓN PROVINCIAL “O TEU PRIMEIRO EMPREGO”.**

Na Casa do concello de Mondariz Balneario, as 09:00 horas do día 21 de agosto de 2019
reúnese a Comisión de Selección dos aspirantes os seguintes contratos en practicas:

. PRAZA: CONTRATO EN PRÁCTICAS DE LICENCIADO/GRADO EN DEREITO.

1. Duración: 6 meses, prorrogables por outros 6.
2. Xornada: completa.
3. Retribucións Salariais:
Salario Bruto: 1.105,56 €/mes.

**. PRAZA: CONTRATO EN PRÁCTICAS DE TÉCNICO SUPERIOR DE EDUCACIÓN
INFANTIL.**

1. Duración: 6 meses, prorrogables por outros 6.
2. Xornada: completa.
3. Retribucións Salariais:
Salario Bruto: 1.050,00 €/mes

A Comisión de Selección esta integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTA: D^a. Ana Celia Barcia Rodríguez.

VOCAIS: D^a. María José López Rodríguez

D^a. María Posada Lorenzo

SECRETARIO: D. Adolfo Castro Carpintero.

O motivo da reunión e resolver sobre as seguintes reclamacións:

Reclamación de D^a. Cristina Lago Carrera, presentada en data 19 de agosto de 2019, por
entender que a valoración efectuada pola Comisión é errónea o non ten en conta o seu
Máster en avogacía, realizado na Universidade de Coruña, rematado en febreiro do presente
ano.

Pola Comisión de Selección revísase a documentación achegada por D^a. Cristina Lago
Carrera, comprobándose que efectivamente si se acredita a realización de Máster en
avogacía, polo que a puntuación realizada na reunión de 19 de agosto resulta ser errónea,
adoptando, polo tanto, o acordo de corrixila.

Reclamación de D^a. Sonia Pérez Barros, presentada en data 20 de agosto de 2019, que
solicita a valoración das xornadas “comprometidas co dereito que queremos: pan e rosas”,
organizadas por Justicia Social de Galicia en colaboración coa universidade de Vigo.





CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ
BALNEARIO

Pola Comisión de Selección acórdase non valorar as xornadas “comprometidas co dereito que queremos: pan e rosas” por non cumprir os requisitos que se establecen nas bases que regulan o proceso selectivo que establecen que se valorará asistencia a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da administración do estado, da comunidade autónoma ou da administración local, universidades, colexios oficiais, ou escolas de administración pública, en tanto que as xornadas referidas foron organizadas pola asociación Xustiza e Sociedade de Galicia.

A Comisión de selección adopta, así mesmo, o acordo de non valorar a solicitude presentada por D^ª. Janira Núñez Iglesias por non cumprir os requisitos que se establecen na Base 3.3.b) das que regulan o Plan “o teu primeiro emprego” o haber transcorrido máis de cinco anos dende a finalización dos estudos de obtención do título.

Revisadas as puntuación en atención o antes referido estas resultan ser as seguintes:

LICENCIADO/GRADO EN DEREITO.

	S* P* B*	M* M* G*	C* L* C*
Expediente académico	2,8015	2,4987	2,8340
Doutoramento			
Master	0,5000		0,5000
Título académico distinto e relacionado			
Cursos oficiais		0,3500	
TOTAL	3,3015	2,8487	3,3340

TÉCNICO SUPERIOR DE EDUCACIÓN INFANTIL.

	E* M* R*	C* L* C*	A* M* R* P*
Expediente académico	2,4680	3,3000	2,8680
Doutoramento			
Master			
Título académico distinto e relacionado			
Cursos oficiais			
TOTAL	2,4680	3,3000	2,8680

A vista das puntuacións resultantes realízase nova proposta de contratación como licenciado/grado en dereito a favor de Cristina Lago Carrera e como técnico superior de educación infantil a favor de Cristina Lira Canosa.

De todo o que antecede esténdese a presente acta no lugar e data *ut supra*.

